



**BIBLIOTECA**



# O PROGRAMA APOLO EN IMAXES





**A misión dos astronautas Walter M. Schirra, Donn F. Eisele e R. Walter Cunningham consistiu nun voo orbital de 11 días arredor da Terra. Foi a primeira tripulación levada ó espazo polo foguete Saturno IB. Ademais, foi a primeira misión espacial retransmitida por TV. Partiu de Cabo Cañaveral (hoxe chamado Cabo Kennedy), no estado de Florida, o 11 de outubro de 1968**













**A misión do Apolo VIII foi lanzada o 21 de decembro de 1968. Foi a primeira misión tripulada en alcanzar a órbita lunar. Os astronautas Frank Borman, James Lovell e William Anders foron, ademais, os primeiros humanos en ver a totalidade do planeta Terra desde o espazo, os primeiros en ver a cara oculta da Lúa, e tamén os primeiros en ver a saída da Terra desde a perspectiva da Lúa.**






















**Lanzada o 18 de maio de 1969, a misión Apolo X serviu para comprobar todos os compoñentes, sistemas e procedementos que entrarían en xogo na primeira aluaxe, prevista para pouco tempo despois. O Módulo Lunar (LM) chegou a estar a 15,6 km da superficie da Lúa, xusto no punto no que case dous meses máis tarde ía comezar a manobra de aluaxe. A tripulación estaba composta por Thomas P. Stafford, John W. Young e Eugene A. Cernan**















**Impulsados na súa partida da Terra por un foguete Saturno V, os astronautas Neil Armstrong, Buzz Aldrin e Michael Collins foron a tripulación da misión Apolo XI, que aluou o 20 de xullo de 1969 ás 22:18 (hora española). Armstrong foi o primeiro humano na superficie lunar, xa no 21 de xullo, ás 04:56. Era a quinta misión tripulada do Programa Apolo. Armstrong describiu a experiencia coa famosa frase: *One small step for [a] man, one giant leap for mankind.***




































**A misión do Apolo 13 non puido aluar debido á explosión dun tanque de osíxeno acontecida ós dous días do lanzamento, que se produciu o 11 de abril de 1970. Case privados de enerxía, auga potable, osíxeno e calor na nave, os astronautas James A. Lovell, John L. Swigert e Fred W. Haise, en colaboración co control da misión na Terra, conseguiron voltar 6 días despois. Xunto coa do Apolo XII, esta é a misión máis coñecida do Programa, e deu lugar á famosa frase *Houston, we've had a problem here.***







**A do Apolo 15 foi a primeira misión que foi proxectada cunha intención máis científica, debido ós avances que as anteriores viaxes permitiran. Foi tamén a primeira vez que se empregou o Vehículo de Exploración Lunar (VEL). A misión, que comezou o 26 de xullo de 1971, incluíu 3 días de estancia na Lúa para dous astronautas (David Scott e James Irwin), mentres Alfred Worden permanecía en órbita lunar**





















**A derradeira misión do Programa Apolo foi a XVII. Partiu o 7 de decembro de 1972 cos astronautas Eugene Cernan, Harrison Schmitt (que estiveron 3 días na Lúa), e Ronald Evans (que permaneceu en órbita). Segue a ser a misión con máis tempo de actividade extravehicular (EVA, nas súas siglas en inglés) e a que máis tempo estivo en órbita lunar. Foi tamén, ata a data (2015), a derradeira vez que o ser humano estivo mái aló da órbita terrestre.**



















- ▲ Luna
- ▲ Apollo
- ▼ Surveyor

**Elaborado por:  
ALFONSO  
BLANCO  
(Departamento  
de Latín &  
Responsable de  
Biblioteca)**